

Cooperativismo e Economía Social, nº 35 (2012-2013), pp. 119-123

ANOTACIÓN Á SENTENZA DA AUDIENCIA PROVINCIAL DE MURCIA (SECC. 4ª 346/2012) DE 24 DE MAIO

Relator: Ilmo. Sr. D. Francisco José Carrillo Vinader

Francisco TORRES PÉREZ

1.- LIMIAR: ANTECEDENTES DE FEITO

Dúas persoas socias dunha cooperativa agraria interpoñen demanda contra a mesma solicitando a declaración de nulidade do acordo de aprobación das contas anuais do exercicio 2009 así como a súa aplicación. Fundamentan a súa pretensión na vulneración do seu dereito de información. Pola súa banda, a demandada oponse invocando mala fe dos actores dado que estes remitiron a súa solicitude de información nos últimos días previos a Asemblea o que impediu a súa consulta; ademais, alega a demandada, coa convocatoria se lle facilitou toda a documentación precisa e no acto da Asemblea no pediron ningunha outra información. Por último, alega a demandada, non era precisa a aprobación de contas por estar a cooperativa en fase de liquidación. Na sentenza de primeira instancia –ditada o 17 de xaneiro de 2012- estímase a demanda declarando a nulidade do citado acordo asembleario así como a correspondente aplicación de resultados.

Contra a sentenza de instancia recorre en apelación a sociedade cooperativa demandada alegando, por unha banda, erro na valoración das probas, infracción do procedemento de impugnación interno contra a suposta negativa a informar; e, por outra, a suficiencia da información outorgada, a falta de xustificación da necesidade da información requirida, o feito de non ter pedido a información durante a celebración da Asemblea e, por último, que non existía a obriga de aprobalas contas anuais.

2.- PRINCIPAIS RAZOAMENTOS CONTIDOS NOS FUNDAMENTOS DE DEREITO DA SENTENZA DA AUDIENCIA PROVINCIAL —EN ADIANTE SAP—

No fundamento de dereito segundo da SAP aquí anotada, destácase o carácter esencial e autónomo que posúe o dereito de información consonte a lexislación de cooperativas da Rexión de Murcia. Respecto a primeira das características salientadas, mantense que a Lei 8/2006, de 16 de novembro de Sociedades Cooperativas da Rexión de Murcia (en adiante LCMU) establece, con carácter esencial, “no seu artigo 27.2 g) o dereito dos socios a: recibila información necesaria para o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento das súas obrigas”. En referencia ao seu carácter autónomo declárase que, sen prexuízo de que poida cumprir unha finalidade instrumental do dereito de voto, o dereito de información “atribúe ao socio a facultade de dirixirse á sociedade nos termos previstos no artigo 27.3 da comentada Lei de Cooperativas, entre outros supostos para ter o coñecemento preciso dos puntos sometidos a aprobación da Asemblea Xeral, posibilitando unha emisión consciente do dereito de voto”. A estas características debemos sumar que é un dereito que no se pode derrogar nin renunciar ao mesmo.

Feitas estas precisións, na SAP aquí anotada salientase, con acerto, que o dereito de información non ten un carácter absoluto senón que posúe límites legais de diversa índole. Na LCMU, prevense limitacións de carácter formal/temporal dado que o seu exercicio debe facerse na forma prevista —art. 27.3, d) e e)—; e debe pedirse a información no momento establecido por lei —art. 27.2, e) II—. Tamén límites de carácter obxectivo. Por unha banda, a información solicitada ten que consistir en documentos que vaian a ser sometidos a Asemblea (neste caso en concreto: as contas anuais, o informe de xestión, a proposta de distribución de resultados, etc.) —art. 27, d)— e como cláusula de peche “canta información considere necesaria en relación aos puntos contidos na orde do día” —art. 27, e) I—. Por outra, non debe facilitarse tal documentación cando poña en grave perigo os lexítimos intereses sociais da cooperativa —art. 27.4- sendo o Consello Reitor o que decida ao respecto e garantíndose un sistema de impugnación de tal decisión. E, finalmente, operaríase o límite xeral de abuso de dereito previsto no inciso final do primeiro parágrafo do artigo 27.4 da LCMU isto é “cando a petición constituía obstrución reiterada ou abuso manifesto por parte dos socios solicitantes”. Para completar esta acertada referencia legal, a SAP refírese a Sentenza do TS (Sala 1ª), de 16 de xaneiro de 2012 (RJ 2012, 177) onde, en relación co citado dereito de

información nas sociedades anónimas, chégase a solucións moi semellantes as previstas na lexislación cooperativa citada.

Para finalizar, nos f.x. terceiro e cuarto, analízanse as circunstancias do presente caso. Dende un punto de vista formal, os demandantes solicitaron o exame da documentación nas oficinas da cooperativa e que se lle facilitasen determinados documentos e, ademais, que se lle facilitase información escrita antes da Asemblea e verbal durante a mesma. A cooperativa demandada alega no seu recurso de apelación que, por unha parte, a solicitude de información por escrito citada fíxose cun prazo manifestamente insuficiente —chegou o día 21 as oficinas da cooperativa cando a Asemblea íase celebrar o 23—. En relación co dereito a seren informados verbalmente durante a Asemblea, este non se exercita polos demandantes. Finalmente, en referencia ao exame da documentación nas propias oficinas da cooperativa, alégase que tal revisión foi inviable dado o extemporáneo da petición,

Ademais destas cuestións “de forma”, na SAP anotada sinálase que consoante a LCMU -así como reiterada xurisprudencia- tan so se permite solicitar aclaracións ou informacións sobre os asuntos incluídos na orde do día. Esta convértese nunha das principais razóns que utiliza a SAP para estimar o recurso de apelación e revocala sentenza apelada dando a razón a cooperativa demandada. Ademais, como ven se matiza no f.x cuarto o que se decidiu na Asemblea foi plasmar certas operacións nas contas da sociedade. Tal cuestión “non pode ser impugnada, xa que a contabilidade reflexa un feito realmente acaecido. Que tal acordo sexa prexudicial para a cooperativa ou para algúns dos seus socios, poderá das lugar a súa impugnación ou a exixir responsabilidade aos socios, pero non a atacar a decisión de que tal operación fiquen plasmada nas contas anuais (...)”.

3.- VALORACIÓN DO FALLO DA SAP

A SAP aquí anotada sitúa a chave deste litixio na limitación prevista no art. 27.3, e), I da LCMU onde se circunscribe a solicitude de ampliación de información —sexa por escrito antes da Asemblea ou verbalmente durante a celebración da mesma— a toda aquela que: a) se considere necesaria; e, b) teña relación cos puntos contidos na orde do día. Por tanto, semella que neste punto as persoas socias —como acertadamente se pon de manifesto na SAP— non poden exercitalo dereito de información de forma xeral e indiscriminada. En suma, “o exercicio deste dereito non pode servir como medio para obstaculizar ou paralizar a actividade social, sobrepondo, por tanto, aos

intereses sociais o particular do socio que require información” —a tradución e miña— (DOMÍNGUEZ CABRERA, M.^a P., “Principales aspectos jurídicos del derecho de información del socio en la cooperativa”, CIRIEC-España. Revista jurídica de economía social y cooperativa, núm. 21, 2010, p. 23).

Non obstante, na LCMU —de xeito semellante ao que acontece na maioría das normas cooperativas— o maior problema interpretativo atópase en deslindar qué tipo de información é necesaria. Tal e como ten sinalado a doutrina especializada, “(...) o dereito de información na súa acepción mais pura aparece ligado á participación efectiva do socio na asemblea xeral” —a tradución é miña— (MILLÁN CALENTI, R.A., El derecho de información en la LCG, CECOOP, Santiago de Compostela, 2003, p. 86). Esta información solicitarase, consonte ao art. 27.3, e), II da LCMU, cun prazo mínimo de antelación á celebración da Asemblea. No suposto de que tal petición se faga verbalmente durante a Asemblea, o Consello Reitor poderá dar resposta nun prazo máximo segundo a complexidade da cuestión formulada. Tales prazos (mínimo e máximo) deberán estar determinados estatutariamente.

Pois ben, a SAP aquí anotada —recorrendo a usual, e excesiva, analogía a normativa das sociedades de capital— declara que “(...) o dereito de información non comprende o de investigar na contabilidade e nos libros sociais, (...) sen comprender tal exame a investigación xeral da contabilidade e demais antecedentes que lle serviron de base (...) A Lei obriga a informar, que non entregala práctica totalidade dos documentos da Sociedade, nin permite que os accionistas supla a actividade dos Auditores”. Con todo, esta interpretación estrita do dereito de información non debería ser automaticamente adoptada en sede de sociedades cooperativas. O principio de xestión democrática e de certos valores cooperativos como a honestidade e a transparencia deberían presidir o funcionamento das sociedades cooperativas. Por tal motivo, cando se obstaculiza ou impide o dereito de información das persoas socias estase a desnaturalizar a propia forma social. Ademais, como con acerto se ten declarado, a estrutura e xestión democrática da cooperativa “implica -ou debería polo menos implicar- un claro reforzo do papel de la Asemblea Xeral da cooperativa fronte a outros órganos de xestión e representación como el Consello Reitor” (TATO PLAZA, A., “Concepto e características da Sociedade Cooperativa (con especial referencia á Sociedade Cooperativa Galega)”, Cooperativismo e Economía Social, núm. 23, 2000/2001, p. 45).

Feita esta aclaración tamén compre salientar que o art. 27.3, f) LCMU tamén outorga as persoas socias o dereito a solicitar por escrito e recibir información sobre “a marcha da cooperativa nos termos previstos nos Estatutos

sociais e en particular a que afecte aos seus dereitos económicos e sociais”. En tal caso, o Consello Reitor deberá facilitar tal información nun prazo de 30 días ou, si se considera de interese xeral, incluíla na orde do día da Asemblea mais próxima a celebrar. Semella que, acreditado o interese lexítimo da persoa socia a tal información, o exercicio do dereito non debería impedirse polo órgano de administración —tal e como con precisión conclúe MILLÁN CALENTI, op. cit. p. 86—. Non obstante, no presente litixio os demandantes non alegan que se lle teña impedido esta forma de acadar información, si ben, atendidas as circunstancias do caso —sitúan a causa da insolvencia da cooperativa nos anticipos feitos a algunhas persoas socias—, debería ter sido a principal vía para exercitalo seu dereito sobre todo valorando a relevancia de tal información cara os seus dereitos económicos.

Para finalizar, simplemente sinalarei outro punto feble da SAP aquí anotada. Dedúcese do texto da sentenza que os cooperativistas demandantes tamén intentaron —como lle faculta o art. 27.3, d) da LCMU— o exame no domicilio social da cooperativa de certa documentación relacionada coa orde do día. A cooperativa demandada alegou que a solicitude, como citamos anteriormente, chegou tan só con dous días de antelación a celebración da citada Asemblea. Ademais, matízase na SAP, no único día que era viable a consulta, o propio solicitante —entendemos que a solicitude ia asinada por unha soa das dúas persoas demandantes— así como o liquidador e o administrador da cooperativa estiveron presentes nun xuízo o que imposibilitou realizar o exame solicitado. En todo caso, compre unha matización. Nestes supostos o exercicio do dereito non se supedita —polo menos legalmente— a unha solicitude previa de información. A persoa socia ten dereito ao exame *in situ* de tódolos documentos que vaian a ser sometidos a Asemblea no período que se comprende entre a súa convocatoria e a celebración da mesma. Como pode comprobarse, o argumento de solicitude extemporánea non é o mais axeitado para negar aos demandantes o citado exame.